

Curso de Certificación Agile Analysis Certification (AAC)™ de IIBA®

Descrición

O curso IIBA® Agile Analysis Certification (AAC)™ proporciona aos profesionais os coñecementos, competencias e técnicas necesarias para aplicar a Análise de Negocio de maneira eficaz en contornos áxiles. Baseado no Agile Extension to the BABOK® Guide, este programa ofrece unha visión integral sobre como identificar necesidades de negocio, descubrir oportunidades, xestionar requisitos cambiantes e maximizar a xeración de valor mediante a colaboración continua con clientes, persoas usuarias e equipos multidisciplinares.

Ao longo do curso, o alumnado comprenderá como integrar as prácticas da Análise de Negocio con enfoques Agile e Lean, desempeñando un papel fundamental na definición do produto, na priorización do traballo, na validación continua das solucións e na adaptación aos cambios. O programa afonda nos principios, na mentalidade, nas técnicas e nas ferramentas que permiten mellorar a toma de decisións, reducir a incerteza e orientar o desenvolvemento cara á consecución de resultados de negocio medibles.

A formación combina os fundamentos conceptuais cun enfoque eminentemente práctico, incorporando exemplos, casos de estudo e recomendacións aplicables a proxectos reais de transformación organizativa. Así mesmo, prepara ao alumnado para afrontar con garantías o exame oficial da certificación IIBA® Agile Analysis Certification (AAC)™, unha credencial internacional que acredita a capacidade para aplicar a Análise de Negocio en contornos áxiles e de elevada incerteza.

Máis aló da obtención da certificación, este curso contribúe ao desenvolvemento de profesionais capaces de facilitar a colaboración entre negocio e tecnoloxía, impulsar a innovación e asegurar que as solucións desenvolvidas respondan de forma efectiva ás necesidades estratéxicas das organizacións.

Obxectivos

Ao finalizar o curso, o alumnado será capaz de:

- Comprender os principios, valores e fundamentos da Análise de Negocio en contornos Agile, de acordo co Agile Extension to the BABOK® Guide.
- Aplicar o Agile Mindset para identificar necesidades, analizar oportunidades e contribuír á entrega continua de valor ás organizacións.
- Comprender o papel da Análise de Negocio dentro de equipos Agile e a súa contribución ao éxito de produtos, servizos e iniciativas de transformación.
- Aplicar técnicas e prácticas de Análise de Negocio adaptadas a contornos áxiles para o descubrimento, análise, priorización, validación e evolución de necesidades e solucións.
- Facilitar a colaboración efectiva entre stakeholders, clientes, persoas usuarias e equipos multidisciplinares, favorecendo a toma de decisións baseada na xeración de valor.
- Adaptar as prácticas da Análise de Negocio a contornos caracterizados pola incerteza, o cambio continuo e a mellora incremental.
- Adquirir os coñecementos e competencias necesarios para afrontar con garantías o exame oficial da certificación IIBA® Agile Analysis Certification (AAC).

Dirixido a

Este curso está dirixido a profesionais do ámbito das Tecnoloxías da Información e das Comunicacions (TIC) e da transformación dixital que participan na definición, desenvolvemento, implantación ou evolución de produtos, servizos e solucións en contornos Agile.

A certificación IIBA® Agile Analysis Certification (AAC)™ non está orientada exclusivamente a analistas de negocio, senón a todas aquelas persoas que, desde distintos roles, contribúen á identificación de necesidades, á toma de decisións, á definición de solucións e á entrega de valor ás organizacións.

Está especialmente recomendado para Product Owners, Product Managers, Scrum Masters, Agile Coaches, xefes/as de proxecto, analistas de negocio, analistas funcionais, arquitectos/as de software e solucións, desenvolvedores/as, profesionais de QA, DevOps, UX/UI, consultores/as TIC, responsables de innovación, transformación dixital e mellora de procesos, así como para calquera profesional que participe en equipos multidisciplinares que traballen con metodoloxías Agile.

Non se require desempeñar o rol de Business Analyst para aproveitar os contidos do curso nin para optar á certificación oficial, sendo unha formación especialmente indicada para profesionais que desexen incorporar as boas prácticas da Análise de Negocio á súa actividade profesional e potenciar a súa capacidade para xerar valor en contornos áxiles.

BENEFICIOS

Opción gratuita dun exame de certificación oficial

Diploma de asistencia

Perfil do docente

Rafa Pagán (<https://www.linkedin.com/in/rafapagan/>) é consultor sénior, formador internacional e mentor especializado en Dirección de Proxectos, Dirección de Programas e Portafolios, Análise de Negocio, metodoloxías Agile e transformación organizativa, con máis de 25 anos de experiencia en consultoría, formación e dirección de proxectos en organizacións públicas e privadas.

É Presidente do IIBA® Spain Chapter e responsable do único IIBA® Premium Training Partner existente actualmente en España, acreditación oficial outorgada polo International Institute of Business Analysis (IIBA®) para impartir formación oficial nas certificacións da institución.

Conta cun amplo recoñecemento internacional e posúe algunhas das certificacións profesionais máis prestixiosas nos ámbitos da Dirección de Proxectos, Análise de Negocio e metodoloxías Agile. Entre elas destacan PfMP® (Portfolio Management Professional), PgMP® (Program Management Professional), PMP® (Project Management Professional), PMI-PBA®, PMI-ACP®, PMI-RMP®, PMI-SP® e DASM® do Project Management Institute (PMI®), así como CBAP™ (Certified Business Analysis Professional), CPOA™ (Certificate in Product Ownership Analysis) e AAC™ (Agile Analysis Certification) do International Institute of Business Analysis (IIBA®).

Complementa esta traxectoria con múltiples certificacións en metodoloxías Agile e Scrum, entre elas Certified ScrumMaster (CSM®), Certified Scrum Product Owner (CSPO®), Professional Scrum Master (PSM™), Professional Scrum Product Owner (PSPO™), Scaled Scrum Master (SSM), Scaled Advanced Scrum Master (SASM), Scaled Product Owner/Product Manager (POPM), así como certificacións oficiais de Microsoft e PM² para proxectos oficiais no marco da UE.

Ao longo da súa carreira impartiu centos de edicións de accións formativas para empresas, universidades e administracións públicas, formando a miles de profesionais en Dirección de Proxectos, Business Analysis, Agile, Microsoft Project e competencias asociadas á transformación dixital.

A súa combinación de experiencia profesional, actividade docente e participación activa nos principais organismos internacionais de referencia converte ao docente nun profesional altamente cualificado para impartir programas oficiais de certificación e formación especializada no ámbito das Tecnoloxías da Información, a Dirección de Proxectos e a Análise de Negocio

PROGRAMA

Programación 2026/27

TIPO

CURSO



MATRÍCULA	Gratuíta
PERIODO INSCRICIÓN	14/09/2026 - 01/10/2026
PROBA DE SELECCIÓN	06/10/2026 (00:00)
CRITERIOS DE SELECCIÓN	Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela
Nº PRAZAS	20 (Mínimo 10)
METODOLOXÍA	Virtual
TIPO DE EDICIÓN	Edición única tarde (desempregados/as e ocupados/as)
DURACIÓN	24 horas
DATA INICIO	19/10/2026
DATA FIN	23/10/2026
HORARIO	De luns a xoves de 16:00 a 21:00 horas e venres de 16:00 a
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	AAC [™] de IIBA [®]
MÓDULOS TRANSVERSAIS	Igualdade de 5 horas
TECNOLOXÍA	IIBA
PERIODO DOCENCIA	19/10/2026 - 23/10/2026

Temario

Contido aliñado cos cambios introducidos no Handbook 2026, empregando as catro Knowledge Areas oficiais (Agile Mindset, Strategy Horizon, Initiative Horizon e Delivery Horizon), tal e como aparecen no Blueprint do exame.

Técnicas propias do curso oficial (User Stories, Story Mapping, Story Splitting, etc.), que forman parte do Agile Extension to the BABOK® Guide v2 e do material oficial para Training Partners.

1. Agile Mindset

Principios e valores Agile.

Mentalidade Agile aplicada á Análise de Negocio.

Xeración e entrega continua de valor.

Colaboración, adaptación e aprendizaxe continua.

2. Strategy Horizon

Estratexia e visión de produto.

Identificación de necesidades e oportunidades.

Definición do valor e aliñamento cos obxectivos de negocio.

3. Initiative Horizon

Descubrimento e refinamento continuo.

Xestión evolutiva de requisitos.

Priorización baseada no valor.

Colaboración cos stakeholders.

4. Delivery Horizon

Colaboración co equipo Agile.

Validación continua de solucións.

Feedback e mellora continua.

Técnicas de Agile Business Analysis:

User Stories.

Acceptance Criteria.

Story Mapping.

Story Splitting.

Modelado lixeiro.

Técnicas de descubrimento e validación.

5. Preparación para a certificación IIBA® Agile Analysis Certification (AAC)™

Estrutura e formato do exame.

Competencias avaliadas.

Preguntas baseadas en escenarios (scenario-based).

Estratexias de preparación.

Simulacros de exame.